

SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



O QUE E O PORQUÉ

Influencia das condicións ambientais na presenza de *Phytophthora infestans* no ambiente de cultivo da pataca

Galicia é unha das principais áreas produtoras de pataca de España. Un dos patóxenos que maiores perdas económicas provoca neste cultivo é o oomiceto *Phytophthora infestans* responsable do tizón tardío. Para propoñer medidas de control sostibles é preciso coñecer a influencia do clima no seu desenvolvemento. E ese foi un dos obxectivos expostos na Limia (area Lusitánica) durante dous anos, 2021 e 2022. Para iso, mediuse a cantidade de esporanxios de *Phytophthora* presentes no ambiente durante ambas as estacións de cultivo e relacionouse coas variables meteorolóxicas medidas cunha estación meteorolóxica autónoma, situada no campo de patacas.

As condicións ambientais foron lixeiramente distintas entre ambos os anos. Durante a estación de cultivo de 2021 a temperatura media foi de 17.5°C mentres que no ano 2022, foi

de 18.9°C. Considerando o número de días en que algunha das horas superou os 30°C, no ano 2021 foron 18 mentres que no 2022, 47 días. A media da humidade relativa do ciclo de cultivo de 2021 foi de 80.3% e en 2022 baixo a 78.9. Tendo en conta o número de días en que nalgunha das horas a humidade relativa descendeu do 50%, foron 66 no 2021 e 82 en 2022.

En canto á media de esporanxios rexistrados, no ciclo de cultivo de 2021 foi de 595.5 esporanxios fronte a 17.5 esporanxios en 2022. Considerando unha concentración diaria de risco de 10 esporanxios ou superior, o número de días en 2021 con esta concentración foi de 18 días fronte a 1 día en 2022. En ambos os anos estes días de risco maioritariamente rexistráronse a finais de xuño. Por tanto, o ciclo de vida de *Phytophthora* pode verse afectado polas altas temperaturas e as condicións de seca.



1. Sintomatoloxía de Mildiu en holla de pataca e esporangio.



2. Captador volumétrico de aire.



3. Estación meteorolóxica.

PALABRAS CHAVE

Mildiu, pataca, Variables meteorolóxicas, esporangio, Concentración diaria de risco.

AUTORES

Laura Meno Fariñas, Universidad de Vigo (UVigo), Vigo, España.
Olga Escuredo Pérez, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.
Carmen Seijo Coello, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.
Servando Álvarez Pousa, INORDE, Ourense, España.
David Fernández Calviño, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.